

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 7 de setembro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día sete de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral municipal, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1044).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1045).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1436/106.**

Visto o informe da Asesoría Xurídica do 26/08/15 e o informe de fiscalización do 03/09/15, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e así mesmo polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

*“Examinadas as observacións do informe da Intervención Xeral de data 3 de setembro do 2015, no que se fiscaliza de conformidade a proposta contida no expediente sempre que se corrixa no informe proposta a data do Prego de prescricións técnicas que rexerá a presente licitación nos termos indicados no punto 5º que se transcribe a seguir:*

*“Se ben non altera o contido do expediente nin do contrato, indicar que o presente contrato non ten a consideración de “anticipado de gasto”, tal e como consta no apartado 3.H das FEC. Trátase dun contrato plurianual, toda vez que a súa execución está prevista que se inicie no presente exercicio 2015 e se estenda ao exercicio 2016. (Para que un gasto teña o carácter de plurianual é preciso que se inicie no propio exercicio no que se adquire o compromiso de gasto).*

*En canto ao informe proposta que se somete a aprobación da XGL indicar que deberá corrixirse no apartado segundo da parte resolutoria a data do Prego de prescricións técnicas que sométese á aprobación da XGL, toda vez que consta por erro a data de 29 de xullo de 2015, cando o citado prego técnico foi asinado o 30 de xullo de 2015.”*

*Procedeuse á corrección da proposta, quedando esta reformulada como segue:*

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

*Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

*Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

*Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.- Mediante Resolución de 22 de xullo de 2015 o Concelleiro Delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar o procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de aluguer dos elementos necesarios para decorar diversas rúas da cidade conforme ao proxecto de decoración complementaria de Vigo, de xeito que se atopen instalados e operativos o día 27 de novembro do 2015.*

*Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 21-7-2015, asinado na mesma data polo xefe do Servizo de Comercio encomendado provisionalmente ao Enxeñeiro Municipal.*
- Resolución do Concelleiro delegado de Comercio de 22 de xullo de 2015 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.*

- *Prego de prescripci3ns t3cnicas particulares (PPT) redactado polo Enxe3eiro Municipal e asinado en data 30 de xullo do 2015, e a memoria xustificativa do contrato da mesma data.*
- *Informe da Xefa do Servizo de Contrataci3n de data 6 de agosto do 2015 sobre cumprimento dos requisitos legais m3nimos para a tramitaci3n do contrato.*
- *Prego de cl3usulas administrativas particulares para a contrataci3n do subministro polo procedemento aberto de data 7 de agosto do 2015.*
- *Dilixencia do Xefe do servizo de Comercio de data 7 de agosto do 2015 dando traslado do expediente 3 Asesor3a Xur3dica municipal, unha vez revisados os pregos de condici3ns.*
- *Informe favorable ao expediente de contrataci3n asinado pola Letrada-Xefa do servizo de recursos e asesoramento co conforme da Titular da Asesor3a Xur3dica, de data 26 de agosto do 2015.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Primeiro.- O expediente de contrataci3n de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP, iniciarase polo 3rgano de Contrataci3n. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xu3no de 2015 nos concelleiros de Area. O Concelleiro de Comercio en resoluci3n de 22 de xullo de 2015 autorizou o inicio de este expediente de contrataci3n.*

*Segundo.- No expediente consta, tal e como preve3 o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescripci3ns t3cnicas redactado polo Enxe3eiro Municipal encomendado como Xefe do Servizo de Comercio, e o prego de cl3usulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contrataci3n.*

*Terceiro: O procedemento elexido para a contrataci3n 3 o aberto e a forma de tramitaci3n do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.*

*Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposici3ns legais vixentes en materia de r3xime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administraci3n Local de Galicia, disposici3n adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernizaci3n do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da lei de Contratos do Sector P3blico, emitiose pola Asesor3a Xur3dica do Concello de Vigo o d3a 26 de agosto do 2015 informe favorable ao expediente de contrataci3n.*

*Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da disposici3n adicional segunda do TRLCSP se establece que ao expediente se incorporar3 o certificado de existencia de cr3dito ou documento que legalmente o substit3a. Este documento xunto co informe da fiscalizaci3n previa incorporarase pola Intervenci3n Xeral previo a aprobaci3n polo 3rgano de contrataci3n.*

*Sexto.- A competencia para a resoluci3n do presente expediente, previa fiscalizaci3n da Intervenci3n Xeral, corresp3ndelle 3 Xunta de Goberno Local, na s3a calidade de 3rgano de contrataci3n, conforme ao previsto na disposici3n adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de Contratos do Sector p3blico. A resoluci3n deber3 ser motivada e*

*aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP), e implicará a aprobación do gasto.*

*Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*1º.- Aprobar o gasto de 157.613,39€ iva 21% engadido, dos que 104.970,52€ se imputarán á partida 4300.2130000 do vixente orzamento do ano 2015, e 52.642,87€ imputaranse á mesma partida do vindeiro exercicio do ano 2016.*

*2º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro en réxime de aluguer de 149 arcos e 740 motivos de alumeado decorativo navideño, a instalar nas rúas que se especifican no Anexo II do prego de prescricións técnicas particulares de 30 de xullo do 2015, e aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro por este procedemento ainado en data 7 de agosto do 2015.*

*3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez